


XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**
[INFORMACIÓN](#) | [SOLICITUDES TELEMÁTICAS](#) | [EMPRESAS](#) | [FORMACIÓN](#) | [CONTACTO](#) | [RECURSOS](#)

¿Qué es el cambio climático?

¿Qué es el efecto invernadero?

Lucha internacional

Documentación y legislación

Galicia y el cambio climático

Informes de Cambio Climático

Emisiones de gases de efecto invernadero
Actualidad

26/07/2016

Desglose territorial del Inventario Español (Galicia) 1990-2014

26/07/2016

Informe emisiones de GEI en Galicia. Serie (1990-2014)

26/07/2016

Se publica el informe resumen del comercio de derechos para el año 2015

26/07/2016

Se publica el resumen de las emisiones individuales para el año 2015

26/07/2016


Informe de cambio climático de Galicia (2016)

[Más noticias](#) ►

**Actúa fronte
ao cambio
climático!!!**

Frente el cambio climático.....


1



A causa débese ao aumento da concentración dos gases de efecto invernadoiro na atmosfera, principalmente CO2

2

Necesitamos un **cambio urgente nas actividades humanas**, para garantir o futuro do noso planeta




3



Todos e todas debemos realizar o esforzo: os gobernos, as empresas, os colectivos sociais e cada un dos cidadáns

En foco



1 2 3 4

II


XUNTA DE GALICIA

Xunta de Galicia. Información mantida e publicada en internet por la Xunta de Galicia

 Sugerencias | [Aviso legal](#) |  Le atendemos

galicia



A RESPOSTA DE GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, adopta o papel de combater o fenómeno do cambio climático a través de :

- A xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia, a súa difusión e os estudos climáticos derivados.
- Desenvolvemento de medidas de adaptación sobre o cambio climático.
- Seguimento de inventarios de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- A coordinación e seguimento da estratexia galega fronte ao cambio climático.
- As actuacións relacionadas co cumprimento do Protocolo de Kioto.
- Actuacións en materia de formación sobre o cambio climático.
- Elaboración do "Programa Marco Galego do Cambio Climático (2010-2020)"

As **emisións de Galicia** encóntranse inventariadas no ministerio de Medio Ambiente (MMA) para o período 1990-2007. No caso de España as emisións aumentaron para o ano 2007 un 53% respecto ao ano 1990, no caso de Galicia aumentou un 23%.

A evolución das emisións galegas amósase a continuación ascendendo a 35,37 Mt CO₂eq no ano 2007:



Nesta gráfica por sectores, pódese observar a distribución das emisións de gases efecto invernadoiro para o ano 2007, onde o sector **producción de enerxía** acada un 44% das emisións, destacar que o sector **transporte** medrou nun 52% dende o ano base (1990) ata o 2007.

- Producción de enerxía
- Industria
- Transporte
- Residencial e institucional/comercial
- Agricultura e gandería
- Tratamento e eliminación de residuos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental


O fenómeno do Cambio Climático




XUNTA DE GALICIA

O EFECTO INVERNADOIRO

A **superficie da Terra** é quentada polo Sol. Pero esta non absorbe toda a enerxía senón que reflicte parte dela de volta cara á atmosfera.




Ao redor do 70% da enerxía solar que chega á superficie da Terra é devolta ao espazo. Pero parte da **radiación infravermella** é retida polos gases que producen o efecto invernadoiro e torna á superficie terrestre.




Actualmente, as actividades humanas, principalmente a combustión dos combustíbeis fósiles, á vez que se destrúen bosques máis rapidamente que se rexeran, provoca que se **incremente** o dióxido de carbono emitido á atmosfera e a súa concentración xunto con outros **gases de efecto invernadoiro**; o resultado é o coñecido efecto invernadoiro antropoxénico, que podería alterar o clima mundial nas vindeiras décadas.

As principais consecuencias que este cambio podería ter no clima mundial amósanse a continuación:

O vapor de auga, o dióxido de carbono (CO₂) e o gas metano forman unha **capa natural** na atmosfera terrestre que retén parte da enerxía provinte do Sol.



Como resultado do efecto invernadoiro, a Terra mantense o suficientemente quente como para facer posible a vida sobre o planeta. De non existir o fenómeno, as fluctuacións climáticas serían intolerables para a existencia da vida.



A RESPONSA INTERNACIONAL AO CAMBIO CLIMÁTICO

A loita fronte ao cambio climático é un problema mundial. Para facer fronte aos efectos deste fenómeno é necesaria a implicación por parte de toda a sociedade para evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera.

Unha das respostas internacionais máis importantes para frear o cambio climático é o denominado **Protocolo de Kioto** (2008-2012), que ten como obxectivo principal **estabilizar as concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera**, a un nivel que preveña unha perigosa interferencia co sistema climático. Tal nivel deberá ser acadado nunha marxe de tempo que lles permita aos ecosistemas adaptarse de forma natural ao cambio climático, que non poña en perigo a produción de alimentos e que garanta o desenvolvemento económico dun xeito sustentable.

Kioto pódese considerar como un mecanismo de transición cara actuacións máis amplas. As chamadas "Partes" (membros da Convención marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático) reuníronse por primeira vez en Montreal onde se estableceu o chamado Grupo de Traballo Especial sobre os Futuros Compromisos das Partes do Anexo I no marco do Protocolo de Kioto orientado aos acordos a tomar despois de 2012. En decembro do 2007 tivo lugar a reunión de Bali que marcou as orientacións que se seguirán na era post Kioto.

En decembro de 2008 tivo lugar a Conferencia sobre Cambio Climático das Nacións Unidas en Poznan, cun claro compromiso por parte dos gobernos de dar forma a unha resposta eficaz en materia de cambio climático, que dará lugar a un acordo en Copenhague en decembro de 2009.

A nivel europeo compre destacar o denominado "**Paquete de Enerxía e Cambio Climático**" aprobado polo parlamento Europeo o 17 de decembro e publicado en xuño do 2009. Neste, propóñense un conxunto de accións concretas e unha serie de obxectivos ambiciosos para reducir as emisións de gases efecto invernadoiro dos países membros da UE. Os obxectivos principais do paquete pódense concretar nos seguintes puntos:

- Reducir as emisións de gases efecto invernadoiro nun mínimo do **20% con respecto a 1990** (e un 30% se os demais países desenvolvidos se comprometen a realizar reducións).
- Aumento do uso de **enerxías renovables** (eólica, solar, da biomasa, etc.) ata o **20% da produción total**.
- Redución do **consumo de enerxía nun 20%** respecto ao nivel previsto para o ano 2020 grazas a unha maior eficiencia enerxética.
- Para acadar estes obxectivos o Parlamento aprobou un conxunto de medidas, coma por exemplo:
- Fomento do uso de enerxía procedente de **fontes renovables**.
- Ampliación e reforma do **Comercio de Derechos de Emisión** de gases de efecto invernadoiro.
- **Almacenamento xeolóxico** de dióxido de carbono.


Control e redución das emisións de gases efecto invernadoiro derivadas da utilización de combustíbeis (transporte por carretera e navegación interior). Establecendo que o 10% da enerxía consumida no transporte veña de fontes renovables.



EVIDENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO

NO MUNDO

Un dos efectos máis destacados do Cambio Climático a nivel mundial é a **evolución das emisións de gases de efecto invernadoiro**, que permaneceron practicamente constantes ata comezos da Revolución Industrial e aumentaron exponencialmente dende 1750 ata o ano 2000. Como consecuencia desta evolución, **o quentamento do sistema climático é inequívoco** evidenciando aumentos do promedio mundial da temperatura do aire e do océano, o desexo xeneralizado de neves e xeos e o aumento do promedio mundial do nivel do mar.





- Dende 1850, once dos doce últimos anos, comprendidos no período 1995-2006, figuran como os máis cálidos nos rexistros instrumentais da **temperatura** da superficie mundial.
- O aumento do **nivel do mar** concorda con este quentamento. En promedio, o nivel dos océanos mundiais aumentou dende 1961 a 1,8 mm/ano.
- A diminución observada das **extensións de neve e xeo** concorda tamén co quentamento. Datos satelitais obtidos dende 1978 indican que o promedio anual da extensión dos xeos mariños árticos diminuíron ao redor dun 2,7% por decenio, con diminucións estivais aínda máis acentuadas dun 7,4% por decenio.

EN GALICIA



As conclusións obtidas no eido do proxecto CLIGAL "Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia", <http://www.siam.cma.org/cligal/> amosan con claridade cambios substanciais nos ecosistemas de Galicia relacionados cos cambios climáticos observados ao longo das últimas décadas. Algunhas das evidencias que o Cambio Climático está producindo en Galicia pódense resumir nos seguintes puntos:

- A **temperatura** anual aumentou 0,18°C/década no período 1961-2006. Aumentando as máximas 0,21°C/década e as mínimas 0,15°C/década.
- Aumento dos episodios de **chuvia intensa** en outono e diminución en primavera.
- Incremento do **nivel do mar** nas nosas costas, que foi de 2-3 mm por ano durante a segunda metade do século XX.
- Retrasos na primeira **xeadada** e adiantos na última.
- Adianto das **fenofases da vide** (Vitis vinifera) dende 1970.
- Adiantos na **chegada e emigración** das anduriñas (Hundo rustica) dende 1970.
- Dende 1950 apareceron 21 novas **especies de peixe** de augas cálidas.
- Descenso significativo da captura do **polbo**.
- Dende o ano 1965 ata a actualidade o tempo medio de **renovación das Rías Baixas** durante o período favorable ao afloramento aumentou de 10 a 20 días.




IMPACTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

NO MUNDO

Hai un alto nivel de coincidencia e abundante evidencia respecto a que si non incorporamos políticas adecuadas de mitigación dos efectos do cambio climático e prácticas de desenvolvemento sostible, as emisións mundiais de gases efecto invernadoiro seguirán aumentando nos próximos decenios. De proseguir as emisións destes gases a unha taxa igual ou superior á actual, o quentamento aumentaría e o sistema climático mundial experimentaría durante o século XXI numerosos cambios, moi probablemente maiores cos observados durante o século XX. Algunhas das proxeccións para finais do século XXI son:

- Un quentamento duns 0,2°C/decenio nas próximas dúas décadas. Incluso se as concentracións de gases efecto invernadoiro se manteñen constantes nos niveis do ano 2000, poderíase esperar un quentamento de 0,1°C.
- Subida do nivel do mar de entre 0,5 e 1,4 metros e un incremento da temperatura superficial da auga de entre 1 e 3°C.
- Aumento da intensidade dos ciclóns.
- Aumento das precipitacións en latitudes altas e unha diminución na maioría das rexións subtropicais.

Cambios da temperatura superficial proxeccionados para finais do século XXI



EN GALICIA

No caso de Galicia os impactos do cambio climático encóntranse recollidos no proxecto anteriormente citado (**CLIGAL "Evidencias e impactos do cambio climático en Galicia"**), podendo resaltar os seguintes impactos para o horizonte 2075-2099:

- Aumento da **temperatura media** anual en 1,5°C, moi superior en primavera e verán.
- Aumento da **temperatura superficial do mar** de 1°C a 3°C.
- Aumento medio global do **nivel do mar** entre 50 cm e 140 cm por enriba de 1990.
- Diminución da **concentración de nutrientes** nos oceanos.
- Redución á metade do **crecemento do mexilón**, debido a un descenso na velocidade da corrente nun 56%.
- Incremento de **peixes mariños** de carácter tropical, diminución de especies de augas frías e cambio nas pesquerías litoriais.
- **Viños brancos** de mellor calidade e máis equilibrados.
- Adiantos de aparición das **bolboretas** entre 58 e 73 días.
- Adiantos da floración do **castiñeiro** da orde dos 75 días.
- Adiantos da chegada das **anduriñas** de máis de 60 días.
- Adiantos nas datas de **floración da vide** da orde de 80 días.
- Adiantos nas datas de **maduración da vide** da orde de 60 días.
- Aceleración dos procesos de **erosión das praias** por mor do incremento do mar.

